

da de mañá (9.30 a 14.00 horas) e tarde (16.00 a 19.30 horas); e o día 5 só en xornada de mañá (10.00 a 14.00 horas).

Contido:

-Módulo I: aspectos xurídicos relacionados coa protección e tutela da intimidade.

- Módulo II: uso de novas tecnoloxías para garantir a seguridade pública que afectan a protección deste dereito.

- Módulo III: operativa e casuística xudicial e policial.

Relación de admitidos: a relación de admitidos farase pública o día 3 de decembro a partir das 14.00 horas, no taboleiro de anuncios da Academia Galega de Seguridade Pública e na páxina web <http://agasp.xunta.es>, ou ben poden coñecer e confirmar a súa asistencia chamando ao teléfono: 986 59 02 41.

Lugar: as xornadas desenvolveranse na sede da Academia Galega de Seguridade Pública.

Certificado de asistencia: ao remate das xornadas entregaráselles un certificado de asistencia a aquelas persoas que acrediten a súa participación continuada nestas.

Modificacións: a Academia Galega de Seguridade Pública poderá modificar o desenvolvemento das xornadas para adaptalas ás necesidades da Administración e ás contingencias que poidan xurdir.

A Estrada, 8 de novembro de 2007.

Carlos Suárez-Mira Rodríguez
Director xeral da Academia Galega de Seguridade Pública

ANEXO

Curso/Actividade		XORNADAS SOBRE A TUTELA PENAL DA INTIMIDADE	
Número curso:			
Lugar:			
Datos:			

DATOS DO SOLICITANTE			
NIF	Nome	Apelidos	Data de nacemento

Enderezo particular			
Rúa			
Concello	Provincia	Código postal	
Teléfono	Fax	Enderezo de correo electrónico	

Datos profesionais	
Corpo de pertenza	
Grupo de titulación	
Clase	
Ano de ingreso no corpo	
Situación administrativa	
Entidade	

DECLARACIÓN	
Declaro, pola miña honra, que son certos todos os datos que figuran nesta solicitude.	
_____ (Sinatura do/a solicitante)	

Director xeral da Academia Galega de Seguridade Pública
Avda. da Cultura, s/n, 36680 A Estrada (Pontevedra)

INSTITUTO GALEGO DAS ARTES ESCÉNICAS E MUSICAIS

Resolución do 15 de outubro de 2007 pola que se procede á publicación das subvencións concedidas en virtude da do 4 de maio, que anuncia convocatoria pública de axudas e subvencións públicas para investimentos de empresas do sector da maxia para o ano 2007.

De conformidade co disposto no artigo 18.1º da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subven-

cións; no artigo 15.1º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e en virtude do establecido na cláusula décimo segunda, punto 3º da resolución do IGAEM do 4 de maio de 2007, pola que se establecen as bases reguladoras e se anuncia convocatoria pública de axudas e subvencións públicas para investimentos de empresas do sector da maxia para o ano 2007, procédese á publicación das subvencións concedidas, que igualan ou superan todas elas os 3.000 euros.

Así mesmo, e consonte o disposto no artigo 9 do Decreto legislativo 1/1999, do 12 de outubro, polo

que se aprobou o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, a competencia para resolver e polo tanto, para ordenar a publicación das axudas concedidas, compételle ao IGAEM.

Á vista da proposta formulada pola comisión de valoración de axudas a investimentos do sector da maxia, e unha vez aprobada en xuntanza do Consello Reitor do 11 de outubro de 2007,

RESOLVO:

1. Conceder as axudas que se relacionan no anexo desta resolución, consonte os seguintes criterios de adxudicación:

Finalidade da axuda: as subvencións concedidas ao abeiro da Resolución do 4 de maio van destinadas ao financiamento de investimentos produtivos por parte das empresas produtoras e distribuidoras de espectáculos de maxia, co fin de mellorar as súas dotacións e equipamentos escénicos ou industriais.

Norma reguladora: resolución do IGAEM do 4 de maio de 2007, pola que se establecen as bases reguladoras e se anuncia convocatoria pública de axudas e subvencións públicas para investimentos de empresas do sector da maxia para o ano 2007 (DOG nº 102, do 29 de maio, e corrección de erros publicada o 19 de xuño de 2007 no DOG nº 117).

Aplicación orzamentaria: 12.90.432B.770.0, dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2007.

Crédito orzamentario máximo e comprometido: 60.000 euros.

Persoas físicas e xurídicas beneficiarias das subvencións, e importe das axudas concedidas a cada un deles expresada en euros, por orde alfabética: véxase anexo.

2. O pagamento das axudas económicas farase unha vez realizada a debida xustificación. Esta efectuarase de xeito individualizado, segundo a cantidade asignada polo órgano concedente e en todo caso co prazo límite de xustificación do día 30 de novembro de 2007, tal e como se prevé na cláusula décimo terceira, punto 2º das bases.

3. O incumprimento total ou parcial por parte dos beneficiarios das bases establecidas na resolución da convocatoria suporá a perda do dereito a percibir a subvención correspondente; así mesmo, a non entrega da documentación específica sinalada no parágrafo 3º da base décimo terceira será causa de revogación da cantidade asignada, debendo procederse ao reintegro das contías percibidas, se é o caso, e sen prexuízo das responsabilidades que se lles puidese exixir.

4. As solicitudes non incluídas expresamente nesta resolución de concesión entenderanse denegadas ou desestimadas, de conformidade co previsto no artigo 23.3º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

5. Contra esta resolución de concesión de axudas, que non esgota a vía administrativa, os interesados poderán interpor recurso de alzada ante a Consellería de Cultura e Deporte da Xunta de Galicia no prazo dun mes, contado desde o día seguinte ao da data da súa publicación no DOG ou o da súa notificación, e ante o mesmo órgano que a ditou, de acordo co disposto nos artigos 114 e 115 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, na súa redacción dada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro.

6. Esta resolución entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 15 de outubro de 2007.

Ánxela Bugallo Rodríguez
Presidenta do Instituto Galego das Artes Escénicas
e Musicais

ANEXO

Entidade/persoa beneficiaria	Importe concedido
Casanova Orozco, José Ángel (Mago Mimo Anyo)	9.945,60 €
Cyrille Clavier (<i>Magia a la carta</i>)	8.942,50 €
Creacións Máxicas, S.L. (O Mago Antón)	10.000,00 €
Fernández Frasca, Javier Alfonso (Mago Rey Midas)	10.000,00 €
García Cabeza, Daniel	7.805,77 €
García Guerra, Héctor (O Mago Teto)	10.000,00 €
Mabel, S.C. (Benjamín Fernández Penedo)	3.000,00 €

INSTITUTO GALEGO DE PROMOCIÓN ECONÓMICA

Resolución do 24 de outubro de 2007 pola que se lles dá publicidade aos beneficiarios das axudas concedidas ao abeiro das bases reguladoras das axudas de salvamento e reestruturación a empresas en crise que superen os 300.000 euros de gasto subvencionable.

Mediante a Resolución do 26 de decembro de 2005 publicáronse as bases reguladoras das axudas de salvamento e reestruturación a empresas en crise (DOG nº 3, do 4 de xaneiro de 2006). As mencionadas bases diríxense a favorecer a volta á viabilidade técnica e